

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 3 de xuño de 2011 pola que se convoca concurso público de méritos para cubrir postos de directores dos centros de formación e recursos e de asesores do Servizo de Formación do Profesorado, do Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos.

A Xunta de Galicia a través do Decreto 74/2011, do 14 de abril, DOG do 6 de maio, regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE) en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste decreto determínase que os centros de formación e recursos contarán cun director que será o responsable do centro e representante da Administración educativa.

Para poder levar a cabo as súas funcións o Servizo de Formación do Profesorado, o Centro Autonómico de Formación e Innovación e os centros de formación e recursos contarán cun equipo de asesores e asesoras de formación, sendo competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinar o número de asesores e/ou asesoras, a especialidade docente e, se é o caso, os requisitos de formación e experiencia requiridos para o desempeño das súas funcións.

Ademais, o citado decreto establece que este persoal directivo e asesor será seleccionado mediante concurso público de méritos, entre os funcionarios e funcionarias de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas das establecidas na LOE, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que determinará os requisitos dos candidatos e os criterios de selección.

Cómpre, polo tanto, proceder a realizar a oferta pública das prazas de dirección e asesorías da estrutura de formación permanente do profesorado.

En consecuencia, e en uso das atribucións que ten conferidas, esta consellería,

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto convocar concurso público de méritos para a provisión dos postos de dirección dos centros de formación e recursos (CFR) e de asesorías de forma-

ción no Servizo de Formación do Profesorado (SFP), no Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) e nos CFR, que se relacionan no anexo II.

Artigo 2. *Requisitos de participación.*

Poderán participar neste concurso os funcionarios e funcionarias de carreira dos corpos docentes que imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación, con destino en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os profesores e as profesoras solicitantes deberán reunir, con data do 31 de agosto de 2011, os requisitos seguintes:

1. Encontrarse en situación de servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Contar cun mínimo de cinco anos de experiencia docente como funcionario de carreira para os postos de dirección de CFR e de tres anos para os postos de asesoría. Para estes efectos computaranse os servizos docentes recoñecidos de acordo coa Lei 70/1978.
3. Aqueles que se correspondan cos requisitos das prazas que figuran no anexo II da presente orde.

Artigo 3. *Perfis dos candidatos.*

O perfil dos directores dos CFR e asesores do SFP, do CAFI e dos CFR deberá responder ao dun docente coas seguintes características.

1. Unha sólida formación científica e pedagóxica e un amplo coñecemento da organización escolar, así como das funcións dos órganos dun centro educativo, do SFP, do CAFI e dos CFR.
2. Capacidade para integrarse en equipos de traballo, con dotes de organización, comunicación, dinamización de actividades e coordinación de grupos.
3. Dominio no uso e integración das tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito educativo.

Artigo 4. *Solicitudes.*

1. As persoas que participen no concurso deberán presentar a súa solicitude mediante instancia axustada ao modelo que se recolle no anexo I.

2. As persoas que participen poderán solicitar, como máximo, dúas prazas das convocadas acordes co seu perfil.

3. Para cada praza solicitada cubrirase unha solicitude e con cada unha achegarase a totalidade dos documentos que se indican no artigo 5.

Artigo 5. *Documentación.*

Coa instancia xuntarase a seguinte documentación:

1. Relación de documentación que se presenta.

2. Orixinais ou copias compulsadas dos méritos alegados, de acordo co anexo III da presente orde.

3. Orixinal do proxecto de actuación correspondente a cada praza solicitada. O proxecto terá unha extensión máxima de quince folios, por unha cara e a dobre espazo, en tamaño DIN-A4 e cunha letra tipo Arial, tamaño once puntos sen comprimir. O contido do proxecto axustarase ao establecido no anexo IV desta orde.

O profesorado que completou o expediente persoal no enderezo web www.edu.xunta.es/datospersoais só deberá xuntar a documentación acreditativa dos novos méritos que alegue.

Artigo 6. *Lugar e prazo de presentación.*

1. A instancia e a documentación a que se alude no artigo 5 da presente convocatoria poderán presentarse a través do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nas súas xefaturas territoriais ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e será imprescindible que na instancia apareza a data de recepción no organismo público correspondente. Se a solicitude é remitida por correo, é necesario que se presente en sobre aberto para que sexa datada e selada na oficina de correos antes de que se proceda á súa certificación.

2. O prazo de presentación de instancias e documentos será de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. Os méritos achegados fóra do prazo de presentación das solicitudes non serán valorados.

Artigo 7. *Proceso de selección.*

O concurso desenvolverase en dúas fases:

1. Fase A. Valoración dos méritos alegados polas persoas que concursan, segundo o baremo indicado no anexo III. Aqueles aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de tres puntos no proxecto non poderán acceder á fase B.

Finalizada esta fase, publicarase no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, <http://www.edu.xunta.es> a relación provisional de candidatos coa puntuación correspondente aos seus méritos e ao proxecto, e abrirase un prazo de tres días hábiles, contados a partir do día da publicación, para presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o dito prazo, e unha vez consideradas as reclamacións alegadas, farase pública no mesmo lugar a relación definitiva, para cada praza convocada, das persoas que pasarán á fase B.

2. Fase B. Entrevista cos candidatos seleccionados na fase A.

A entrevista versará sobre as funcións que se desenvolverán e os contidos do proxecto de actuación presentado, tendo en conta as peculiaridades da praza a que se opta. Valorarase a viabilidade e a calidade da proposta, así como a capacidade de organizar, orientar e dar respostas innovadoras ás necesidades formativas do profesorado. Para a superación da fase B será necesario obter tres puntos, como mínimo.

No caso de producirse empates no total de puntuacións outorgadas, establécese como criterio de desempate a preferencia da persoa do sexo infrarrepresentado.

Finalizada esta fase, publicarase no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, <http://www.edu.xunta.es> a relación definitiva da baremación efectuada coa indicación das persoas seleccionadas para cada unha das prazas ofertadas e, se for o caso, as declaradas desertas. A seguir abrirase un prazo de tres días hábiles, contados a partir do día da publicación, para presentar as reclamacións ou renuncias oportunas.

Artigo 8. *Comisión de selección.*

1. O presente concurso será resolto por unha comisión de selección formada polos seguintes membros:

– Presidente/a: a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.

– Vogais: ata un máximo de catro, con categoría de subdirector ou subdirectora xeral, xefe ou xefa de servizo ou membros da Inspección educativa.

– Un/ha funcionario/a da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

Os sindicatos integrantes da mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear un representante para asistir ás sesións da comisión, con voz e sen voto.

2. A comisión poderá dispoñer a constitución de subcomisións técnicas para colaborar na valoración dos méritos previstos nos puntos 1, 2, 3 e 4 do baremo do anexo III. Ás reunións desta subcomisión poderán asistir representantes das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de persoal docente.

3. Os membros da comisión e da subcomisión estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme co Decreto 144/2001, do 7 de xuño, estando cualificadas na categoría primeira.

Artigo 9. *Proposta de nomeamento.*

1. Transcorrido o prazo de reclamacións ou renuncias establecido no artigo 7.2 desta orde, e unha vez atendidas as mencionadas reclamacións ou renuncias, a comisión de selección elevará a proposta definitiva á persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que resolverá a relación final das persoas seleccionadas ordenadas por puntuación.

A resolución definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia e exporase no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, <http://www.edu.xunta.es> e por ela entenderanse notificadas, para todos os efectos, as persoas concursantes a que afecte.

O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de seis meses contado desde o día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, e terá efectos desestimatorios a falta de resolución expresa nese período.

2. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3. As prazas adxudicadas son irrenunciáveis, salvo casos de excepcional gravidade apreciados pola Administración educativa. Os/as docentes que resulten seleccionados por esta convocatoria serán nomeados en réxime de comisión de servizos, e con reserva do posto de traballo de orixe, por períodos anuais, renovables ata un máximo de seis anos, e ao final de cada período anual establecerase un proceso de avaliación sobre o exercicio das súas funcións que determinará a súa continuidade ou non.

4. As prazas que non se cubran por ausencia de candidatos ou aquelas novas vacantes que, como resultado do proceso de selección, se poidan producir finalizado este, poderán proveerse en comisión de servizos de maneira provisional, para o curso 2011-2012, por proposta da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Artigo 10. Formación inicial e continua do persoal asesor.

O persoal de asesoría das estruturas de formación do profesorado que resulte seleccionado deberá participar nunha acción de formación inicial que programe a dirección xeral competente en formación permanente do profesorado, cunha duración de 50 horas, que se poderá desenvolver en distintas fases.

Cada curso escolar desenvolveranse accións de formación continua, seguindo o protocolo de formación interna de cada centro, ou aqueloutra que programe o Servizo de Formación do Profesorado.

De quedaren prazas vacantes nos procesos de selección, o persoal que se incorpore con posterioridade á realización da formación inicial seguirán o programa de formación establecido nos procesos de acollida do SFP, do CAFI e dos CFR.

Artigo 11. *Retirada da documentación.*

Unha vez transcorridos dous meses desde a data de publicación da resolución definitiva e durante o prazo de tres meses, as persoas interesadas, ou a súa representación legal, que manifesten non ter interposto recurso contra esta resolución, poderán recoller a documentación presentada no Servizo de Formación do Profesorado, en horario das nove ás catorce horas.

Transcorrido o dito prazo entenderase que renuncian á súa recuperación e perderán todo o dereito sobre a citada documentación.

Disposición adicional primeira.

O CAFI poderá realizar accións formativas en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, ademais de desenvolver as funcións propias dun CFR, de acordo co ámbito xeográfico que figura no anexo V desta orde.

Disposición adicional segunda.

O CAFI e os CFR contarán cos centros colaboradores que figuran no anexo VI, que facilitarán os espazos e os medios necesarios para a realización de actividades de formación e, de ser o caso, para o desenvolvemento das tarefas das persoas asesoras destinadas nos propios centros colaboradores, co fin de garantir a atención a aqueles centros educativos moi distantes do CAFI e dos CFR.

Disposición derradeira primeira. Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2011.

Jesús Vázquez Abad

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I
Modelo de solicitude

| | | |
|---|----------------------|---------------------------------------|
| <i>Solicitud de participación no concurso público de méritos para cubrir postos de directores dos centros de formación e recursos e de asesores do Servizo de Formación do Profesorado, do Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos.</i> | CÓDIGO DE VALIDACIÓN | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---|----------------------|---------------------------------------|

DATOS PERSOAIS

| | | |
|-----------|------|-----------------------------------|
| APELIDOS: | | NOME:: |
| NRP: | NIF: | Correo electrónico: @edu.xunta.es |

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

| | | |
|-------------|----------------|---------------|
| ENDEREZO: | | LOCALIDADE: : |
| PROVINCIA:: | CÓDIGO POSTAL: | TELÉFONO: |

DATOS PROFESIONAIS

| | |
|--|------------------|
| CORPO A QUE PERTENCE: | Cod. corpo: |
| DISCIPLINA: | Cod. disciplina: |
| DATA DE TOMA DE POSESIÓN COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA: | |

DATOS DE DESTINOS

| | | |
|---|-------------|--------------|
| CENTRO DE DESTINO DEFINITIVO 2010/2011: | Cod.centro: | PROVINCIA: : |
|---|-------------|--------------|

| | | |
|--|-------------|--------------|
| CENTRO DE DESTINO PROVISIONAL 2010/2011: | Cod.centro: | PROVINCIA: : |
|--|-------------|--------------|

PRAZAS QUE SOLICITA
Praza 1 solicitada

| | |
|-----------|-------------------|
| Asesoría: | Lugar de destino: |
|-----------|-------------------|

Praza 2 solicitada

| | |
|-----------|-------------------|
| Asesoría: | Lugar de destino: |
|-----------|-------------------|

A documentación que non sexa orixinal deberá estar debidamente compulsada

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

| |
|---|
| <input type="checkbox"/> Relación de documentación que se presenta <input type="checkbox"/> Orixinais ou copias compulsadas dos méritos alegados, de acordo co anexo III da presente convocatoria. <input type="checkbox"/> Orixinal do proxecto de actuación correspondente a cada praza solicitada <p><i>A documentación que non sexa orixinal deberá estar debidamente compulsada</i></p> |
|---|

| |
|---|
| En cumprimento do suposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro. |
|---|

| |
|--------------|
| Observacións |
|--------------|

En o de de 2011

Sinatura do interesado/a

Dirixido a: DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA. Edificio San Caetano s/n. 15871 Santiago de Compostela

ANEXO II
Requisitos específicos de acceso e prazas vacantes

1. Asesorías dos departamentos do CAFI.

| Asesorías | Perfil | Corpo | N.º de prazas |
|---|---|-------------------------------------|---------------|
| Infantil e primaria | Mestre/a da especialidade de educación infantil | 597 | 1 |
| | Mestre/a | 597 | 1 |
| Científica/ tecnolóxica e social | Matemáticas, bioloxía e xeoloxía, física e química, debuxo e tecnoloxía. | 511-590 | 2 |
| | Xeografía e historia, filosofía, economía, latín e grego. | | 1 |
| Linguas | Lingua galega | 511-512-590-592-597 | 1 |
| | Lingua castelá | | 1 |
| | Lingua inglesa | | 2 |
| | Lingua francesa, portuguesa, italiana, alemá | | 1 |
| Formación Profesional | Todas as familias profesionais | 511-590-591 | 3 |
| Organización escolar e diversidade | Mestres de educación especial | 597 | 1 |
| | PES coa especialidade de orientación educativa | 511-590 | 1 |
| Ensinanzas artísticas e deportivas | Educación física, plástica ou música | 511-513-590-591-593-594-595-596-597 | 1 |
| Tecnoloxías da información e comunicación | Competencia en TIC no nivel de usuario avanzado (experiencia como coordinador/a, dinamizador/a TIC, relator/a en cursos, titor/a de formación en liña, premios TIC, etc.) | Todos os corpos | 6 |
| | Enxeñeiro/a ou licenciado/a en informática. Experiencia na administración de plataformas de teleformación, publicación dinámica de contidos web, servizos de intranet. Experiencia en traballo en equipo. | 511-590-591 | 2 |
| Formación e Innovación | Actitude e competencia para impulsar procesos de investigación-acción, tanto para a produción de coñecementos como para definir experiencias concretas de acción. Experiencia no desenvolvemento de programas de innovación. Experiencia en dirección e xestión de procesos de formación. Experiencia en coordinación de grupos de traballo. Coñecementos de sistemas de calidade, mellora continua e excelencia. | Todos os corpos | 4 |
| Bibliotecas escolares | Experiencia na xestión e dinamización das bibliotecas escolares, fomento da lectura. Competencia no tratamento da información, integración das TIC e das ferramentas web 2.0 na biblioteca escolar | Todos os corpos | 1 |

2. Asesorías do SFP.

| Área | Perfil | Corpo | N.º prazas |
|--|--|-----------------|------------|
| Asesor/a técnico/a docente en rexistro de formación. | PES con experiencia en manexo de programas informáticos, tratamento de textos, follas de cálculo, bases de datos e coñecementos de ferramentas informáticas para o tratamento de datos estatísticos. | 511-590 | 1 |
| Asesor/a técnico/a docente en tecnoloxías da información e comunicación. | Amplo coñecemento de ferramentas informáticas de desenvolvemento e explotación de sistemas informáticos e de comunicación. Experiencia en coordinación de grupos. | Todos os corpos | 1 |
| Asesor/a técnico/a docente en formación. | Coñecemento das estruturas de formación. Experiencia no deseño e desenvolvemento de actividades de formación. Experiencia en coordinación de grupos. | Todos os corpos | 2 |

3. Asesorías dos CFR.

| Área | Perfil | Corpo |
|--|--|-------------------------------------|
| Infantil e primaria | Mestre ou mestra de infantil ou primaria | 597 |
| Lingüística e social | Lingua ou sociais | 511-590-597 |
| Científica e tecnolóxica | Matemáticas, bioloxía e xeoloxía, física e química, debuxo e tecnoloxía | 511-590-597 |
| Artística e deportiva | Educación física, plástica ou música | 511-513-590-591-593-594-595-596-597 |
| Formación profesional | Todas as familias profesionais | 511-590-591 |
| Tecnoloxías da información e da comunicación | Experiencia no uso didáctico das TIC. Competencia no uso de ferramentas Web 2.0 aplicadas a bibliotecas escolares | Todos os corpos |
| Linguas estranxeiras | Inglés | 511-512-590-592-597 |
| Organización escolar e diversidade | Experiencia en equipos directivos, xefatura de departamento, coordinación de ciclo ou departamento de orientación. | Todos os corpos |

Nota: Códigos dos corpos.

511 Catedráticos de ensino secundario.

512 Catedráticos de escolas oficiais de idiomas.

513 Catedráticos de artes plásticas e deseño.

590 Profesorado de ensino secundario.

591 Profesorado técnico de formación profesional.

592 Profesorado de escolas oficiais de idiomas.

593 Catedráticos de música e artes escénicas.

594 Profesorado de música e artes escénicas.

595 Profesorado de artes plásticas e deseño.

596 Mestres de taller de artes plásticas e deseño.

597 Mestres.

Prazas vacantes dos CFR.

| Área | CFR A Coruña | Centro colaborador | CFR Ferrol | CFR Lugo | Centro colaborador | CFR Ourense | Centro colaborador | CFR Pontevedra | Centro colaborador | CFR Vigo |
|----------------------|--------------|--------------------|------------|----------|--------------------|-------------|--------------------|----------------|--------------------|----------|
| Infantil e primaria | 1 | 1 (Vimianzo) | 1 | 1 | 1 (Monforte) | 1 | 1 (Verín) | 1 | 1 (Lalín) | 2 |
| Lingüística e social | 2 | | | 1 | | | 1 (Verín) | 1 | | 1 |

| Área | CFR A Coruña | Centro colaborador | CFR Ferrol | CFR Lugo | Centro colaborador | CFR Ourense | Centro colaborador | CFR Pontevedra | Centro colaborador | CFR Vigo |
|---|--------------|--------------------|------------|----------|--------------------|-------------|--------------------|----------------|--------------------|----------|
| Científica e tecnolóxica | 1 | | | | 1 (Burela) | 1 | | 1 | | 1 |
| Artística e deportiva | 1 | | 1 | | 1 (Monforte) | | 1 (O Barco) | 1 | | 1 |
| Formación Profesional | 1 | | 1 | 1 | | 1 | | 1 | | 1 |
| Tecnoloxías da información e comunicación | 2 | 1(Vimianzo) | 1 | 1 | 1(Burela) | 1 | 1 (O Barco) | 1 | 1(Lalín) | 3 |
| Linguas estranxeiras | 1 | | 1 | 1 | | 1 | | 1 | | 2 |
| Organización escolar e diversidade | 1 | | 1 | 1 | | 1 | | 1 | | 1 |
| Dirección CFR | 1 | | 1 | 1 | | 1 | | 1 | | 1 |

ANEXO III Baremo

| Méritos | Puntos | Máximo total de puntos | Documentos xustificativos |
|--|------------------------|------------------------|--|
| FASE A | | | |
| 1. Méritos académicos. | | | |
| 1.1. Título de doutor. | 1 | 3 | Copia compulsada dos títulos ou certificacións |
| 1.2. Por pertencer ao corpo de catedráticos. | 1 | | |
| 1.3. Por cada titulación universitaria de grao superior distinta á alegada para o ingreso na función docente. | 0,50 | | |
| 1.4. Por cada titulación universitaria de grao medio distinta á alegada para o ingreso na función docente. | 0,25 | | |
| 2. Experiencia en formación permanente. | | | |
| 2.1. Dirección ou asesoría dun centro de formación do profesorado. | 0,25 por ano | 4 | Copia compulsada da certificación acreditativa |
| 2.2. Relatorios relacionados coa praza a que se opta. | 0,15 por cada 10 horas | | |
| 2.3. Asistencia a actividades de formación relacionadas coa praza a que se opta. (Só se terán en conta certificacións emitidas polas administracións educativas ou de actividades homologadas) | 0,05 por cada 10 horas | | |
| | | | |
| 3. Experiencia na xestión educativa. | | | |
| 3.1. Dirección de centro educativo público. | 0,25 por ano | 3 | Copia compulsada do nomeamento |
| 3.2. Xefatura de departamento. | 0,10 por ano | | |
| 3.3. Coordinación de ciclo. | 0,10 por ano | | |
| 3.4. Membro de equipo directivo dun centro educativo público. | 0,15 por ano | | |
| 3.5. Desempeño dun posto de igual ou maior nivel na Administración educativa. | 0,25 por ano | | |
| 4. Antigüidade. | | | |
| 4.1. Como funcionario/a de carreira, a partir dos que se exigen como requisito. | 0,20 por ano | 3 | |
| 5. Proxecto. | | 6 | O propio proxecto |
| FASE B | | | |
| Entrevista. | | 6 | |

ANEXO IV

Contido do proxecto que deben presentar as persoas aspirantes a prazas de dirección de CFR e a asesorías do CAFI e CFR

1. Dirección de CFR.

Proxecto de dirección:

– Zona de actuación: marco xeográfico, social e educativo da zona. Perfil do seu profesorado.

– Obxectivos e estratexias de actuación: itinerarios e competencias:

- Formación: contidos, modalidades de formación, temporalización e indicadores de avaliación do impacto ou transferencia.

- Asesoramento: estratexias de colaboración cos centros e coa persoa coordinadora de formación.

- Integración das tecnoloxías da información e da comunicación e estratexias para fomentar o seu emprego.

- Dinamización.

– Organización interna e xestión de recursos.

– Colaboración co CAFI.

– Plan de avaliación e seguimento da formación.

– Achegas persoais.

2. Asesorías de CAFI e CFR.

Proxecto de actuación: adaptación á asesoría/departamento a que se opta.

– Zona de actuación: marco xeográfico, social e educativo da zona. Perfil do seu profesorado.

– Obxectivos e estratexias de actuación: itinerarios e competencias.

a) Formación: contidos, modalidades de formación, temporalización e indicadores de avaliación do impacto ou transferencia.

b) Asesoramento: estratexias de colaboración cos centros e coa persoa coordinadora de formación.

c) Integración das tecnoloxías da información e da comunicación e estratexias para fomentar o seu emprego.

d) Dinamización.

e) Propostas innovadoras.

- Organización interna da asesoría/departamento e xestión de recursos.
- Colaboración entre o CAFI e CFR.
- Plan de avaliación e seguimento da formación.

Achegas persoais.

3. Asesorías do SFP.

Proxecto de actuación: adaptación á praza a que se opta de acordo co perfil que se determina no anexo II, e deberá conter os obxectivos, planificación xeral, actividades, xustificación e definición a que corresponde a praza que se solicita.

ANEXO V

Ámbito xeográfico de actuación do CAFI e dos CFR

| | |
|-------------------|---|
| CAFI | Carnota, Muros, Mazaricos, Outes, Noia, Porto do Son, Lousame, Boiro, Ribeira, Pobra do Caramiñal (A), Rianxo, Dodro, Rois, Padrón, Brión, Negreira, Teo, Ames, Baña (A), Santa Comba, Val do Dubra, Santiago, Vedra, Boqueixón, Tordoia, Trazo, Touro, Pino (O), Oroso, Ordes, Frades, Arzúa, Boimorto, Santiso, Melide, Toques, Sobrado. |
| CFR da Coruña | Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Cambre, Carballo, Carral, Cee, Cerceda, Cesuras, Coirós, Corcubión, Coristanco, Coruña (A), Culleredo, Curtis, Dumbría, Fisterra, Irixoa, Laracha (A), Laxe, Malpica de Bergantiños, Mesía, Miño, Muxía, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne, Ponteceso, Sada, Vilarmaior, Vilasantar, Vimianzo, Zas. |
| CFR de Ferrol | Ferrol, Narón, Neda, Valdoviño, Cedeira, Cerdido, San Sadurniño, Moeche, As Somozas, Cariño, Ortigueira, Mañón, As Pontes, A Capela, Fene, Mugar dos, Ares, Cabanas, Pontedeume e Monfero. |
| CFR de Lugo | Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, Fonsagrada (A), Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, Incio (O), Láncara, Lourenzá, Lugo, Meira, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, Nogais (As), Oulol, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Pantón, Paradelas, Páramo, Pastoriza (A), Pedrafita do Cebreiro, Pobra do Brollón (A), Pol, Pontenova (A), Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, Saviñao (O), Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, Valadouro (O), Vicedo (O), Vilalba, Viveiro, Xermade, Xove. |
| CFR de Ourense | Allariz, Amoeiro, Arnoia (A), Avión, Baltar, Bande, Baños de Molgas, Barbadás, Barco de Valdeorras (O), Beade, Beariz, Blancos (Os), Boborás, Bola (A), Bolo (O), Calvos de Randín, Carballeda de Valdeorras, Carballeda de Avia, Carballiño (O), Cartelle, Castrelo do Val, Castrelo de Miño, Castro Caldelas, Celanova, Cenlle, Coles, Cortegada, Crecente, Carballedo (A Barreia), Cualedro, Chandrexa de Queixa, Entrimo, Esgos, Gome sende, Gudiña (A), Irixo (O), Larouco, Laza, Leiro, Lobeira, Lobios, Maceda, Manzaneda, Maside, Melón, Merca (A), Mezquita (A), Montederramo, Monterrei, Muíños, Nogueira de Ramuín, Oímbra, Ourense, Paderne de Allariz, Padrenda, Parada de Sil, Pereiro de Aguiar (O), Peroxa (A), Petín, Piñor, Porqueira (A), Pobra de Trives (A), Pontedeiva, Punxín, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Ribadavia, San Xoán de Río, Ríos, Rúa (A), Rubiá, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, Sandiás, Sarreaus, Taboadela, Teixeira (A), Toén, Trasmiras, Veiga, Vereia, Verín, Viana do Bolo, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós, Vilariño de Conso, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadanedo. |
| CFR de Pontevedra | Agolada, Barro, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, Catoira, Cerdedo, Cotobade, Cuntis, Dozón, Estrada (A), Forcarei, Fornelos de Montes, Grove (O), Illa de Arousa (A), Lalín, Lama (A), Marín, Meaño, Meis, Moraña, Poio, Ponte Caldelas, Pontecesures, Pontevedra, Portas, Ribadumia, Rodeiro, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Valga, Vila de Cruces, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa. |
| CFR de Vigo | Cangas, Moaña, Baiona, Nigrán, Oia, Rosal (O), Guarda (A), Tomiño, Tui, Gondomar, Salceda de Caldelas, Porriño (O), Salvaterra de Miño, Pontearreas, Mos, Redondela, Pazos de Borbén, Mondariz, Mondariz Balneario, Neves (As), Covelo (O), Cañiza (A), Arbo, Vigo. |

ANEXO VI
Centros colaboradores

• Centros colaboradores CFR Pontevedra:

– IES. Xunqueira.

Vilagarcía: EOI.

Lalín: IES Laxeiro.

• Centros colaboradores CFR Ferrol:

– CIFP Rodolfo Ucha.

– IES Ferrolterra.

As Pontes: IES Castro da Uz.

• Centros colaboradores CFR Lugo:

– IES n.º 1 Politécnico.

– IES Leiras Pulpeiro.

Monforte:

– EOI.

– IES Daviña Rei.

Zona norte:

– IES Perdouro de Burela.

– IES María Sarmiento de Viveiro.

– IES Porta da Auga de Ribadeo.

• Centros colaboradores CFR Vigo:

– IES Politécnico de Vigo.

– IES Manuel Antonio.

Tui : IES San Paio.

Cangas: IES Rodeira.

• Centros colaboradores CFR Ourense:

– Escola de Arte Antonio Faílde.

O Barco: extensión do CFR.

Verín: IES Xesús Taboada Chivite.

• Centros colaboradores A Coruña:

– CIFP Anxo Casal.

– IES Universidade Laboral (Culleredo).

Carballo: IES Isidro Parga Pondal.

Vimianzo: IES Terra de Soneira.

• Centros colaboradores CAFI:

Santiago:

– CIFP Monte de Conxo.

– IES de Pontepedriña.

A Pobra: IES da Pobra do Caramiñal.

Ribeira: IES Coroso.